



PARLAMENTO  
DE GALICIA



## DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

XI lexislatura  
Serie Pleno  
Número 52

**Sesión plenaria**  
26 de outubro de 2021

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



## ORDE DO DÍA

---

**Punto único:** Designación de senador ou senadora representante da Comunidade Autónoma de Galicia en substitución de D. Jesús Vázquez Abad (art. 165.4 do Regulamento do Parlamento de Galicia)



## SUMARIO

---

*Ábrese a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.*

### **Designación de senador ou senadora representante da Comunidade Autónoma de Galicia en substitución de D. Jesús Vázquez Abad**

*O señor presidente, logo de abrir a sesión, comunica o acordo da Mesa en referencia ao candidato aceptado para substituír a don Jesús Vázquez Abad e procede a recordar os detalles do procedemento da votación, que será por papeleta depositada en urna, segundo o artigo 91 do Regulamento.*

*A continuación dálle a palabra á señora secretaria da Mesa (Porro Martínez) para que proceda ao chamamento. (Páx. 4.)*

*Rematada a votación, procédese ao escrutinio e o señor presidente anuncia o resultado. (Páx. 5.)*

*Resultado da votación: votos a favor de don Juan Carlos Serrano López, 41; votos en branco, 31.*

*Acadado un resultado positivo, queda designado senador, en representación da Comunidade Autónoma de Galicia, don Juan Carlos Serrano López. (Páx. 5.)*

*Remata a sesión ás dez e vinte minutos da mañá.*



*Ábrese a sesión ás dez e cinco minutos da mañá*

**O señor PRESIDENTE:** Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura.

Xustificou a súa inasistencia a este pleno dona Rosana Pérez Fernández.

Sen máis entramos no único punto da orde do día, que é a designación do senador ou senadora representante da Comunidade Autónoma de Galicia en substitución de don Jesús Vázquez Abad. Todo isto faise de acordo co artigo 165.4.

### **Designación de senador ou senadora representante da Comunidade Autónoma de Galicia en substitución de D. Jesús Vázquez Abad**

**O señor PRESIDENTE:** Farase tendo en conta o acordo da Mesa e a Xunta de Portavoces do día 20 de outubro de 2021 polo que se inicia o procedemento para a designación dun senador ou senadora en representación da Comunidade Autónoma de Galicia en substitución e don Jesús Vázquez Abad ao abeiro do artigo 165.4 do Regulamento da Cámara.

Por acordo da Mesa do 25 de outubro acéptase como candidato a senador, en representación da Comunidade Autónoma de Galicia, a don Juan Carlos Serrano López. A elección efectuarase por papeleta conforme o disposto no artigo 91 do Regulamento do Parlamento de Galicia. Para estes efectos, os servizos da Cámara elaboraron unha papeleta co nome do candidato. Cada deputada ou deputado emitirá o seu voto marcando cunha aspa «si», «non» ou «abstención» no recadro correspondente. De non marcar ningún recadro, considerárase voto en branco; e de introducirse algunha emenda, riscada ou calquera outra adición, declararíase voto nulo.

Xa se repartiron as papeletas e supoño que todos vostedes están en posesión dela. Se hai alguén que non a teña, que o comunique. (*Pausa.*)

Téñena todos. Polo tanto, prégolle á secretaria da Mesa, a señora Porro Martínez, que proceda ao chamamento; e ao vicepresidente primeiro e á vicesecretaria, señor Calvo e señora Ortega, que se sitúen onda urna para a recollida das papeletas.

Cando queira, señora secretaria.

**A señora SECRETARIA DA MESA (Porro Martínez):** Grazas, señor presidente.

*(A señora secretaria, Porro Martínez, fai o chamamento, por orde alfabética, dos deputados e das deputadas, que depositan o seu voto na urna; a seguir fano as deputadas e os deputados membros do Goberno e, finalmente, os membros da Mesa.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.



¿Votaron todos os deputados e deputadas? (*Asentimento.*)

Procedemos, entón, ao reconto.

(*Procédese ao escrutinio.*) (*Pausa.*)


**O señor PRESIDENTE:** O resultado do escrutinio é o seguinte: votos a favor de don Juan Carlos Serrano López, 41; votos en branco, 31.

O resultado da votación é favorable ao candidato. Polo tanto, acadado o apoio da Cámara, queda designado senador, en representación da Comunidade Autónoma de Galicia, don Juan Carlos Serrano López.

Remata aquí esta sesión específica para a elección do senador e continuamos co seguinte pleno, que xa é sesión ordinaria.

*Remata a sesión ás dez e vinte minutos da mañá.*





PARLAMENTO  
DE GALICIA

## DIARIO DE SESIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

Edición e subscricións:  
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.  
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

